

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG PARA MODIFICAR O PROXECTO DO ORBITALIÑO CO OBXECTIVO DE PRESERVAR O NÚCLEO RURAL DE FORMARÍS

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte **EMENDA DE SUBSTITUCIÓN** á Moción de Urxencia do BNG, para modificar o proxecto do Orbitaliño co obxectivo de preservar o núcleo rural de Formarís, modificando o seu acordo do seguinte xeito:

- 1. A Corporación Municipal mostra de novo o seu compromiso cos acordos subscritos por todas as forzas políticas representadas no Foro Cívico. Manifestando unha vez mais que é unha prioridade para Santiago a construción do enlace entre AP-9 coa N-550, coñecido como o “Orbitaliño”.*
- 2. Os grupos políticos manteñen o espírito acadado polo consenso do Foro Cívico, comprometéndose na súa realización e excluindo todas as actuacións recollidas no acordo do debate político municipal.*
- 3. O Concello de Santiago continuará a realizar as xestións necesarias para que o proxecto do Orbitaliño contemple as mellores solucións posibles para os veciños, o comercio, e a industria afectada na zona Formarís, tal e como se aprobou por unanimidade da Corporación no Pleno de xuño de 2021.*
- 4. O Concello de Santiago seguirá mantendo un diálogo co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que teña en conta nesta actuación as peculiaridades dos núcleos tradicionais galegos e presentará alegacións nesa liña ao proxecto do Orbitaliño.*
- 5. O Concello de Santiago ofrecerá asesoramento técnico e legal á veciñanza afectada e asociacións que tamén estimen presentar alegacións para defender as vivendas, terreos agrarios e espazos rurais para a cohesión territorial da aldea que pode alterar o proxecto do Orbitaliño.*



En Santiago de Compostela,

Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA